

SEMPRE CONNOSCO

Desque a nós chegaches  
desque eiquí descansas  
temos millorado  
temos outras ansias.

Benvido, Castelao  
benvido á tua terra  
benvida che dan as fontes  
e as arbres  
e as pedras  
as follas dos castiñeiros  
a mazadela do liño  
as revoltas do camiño  
os teus cantados cruceiros  
o remusmús dos piñeiro  
e as candeas do millo.

Benvido, Castelao  
benvido á tua terra  
benvida che dan as nubes  
e os ventos  
e a névoa  
o trebón aló no inverno  
o sol na força do vran  
a corredoira sombriza  
as erbas na pastoriza  
o aturuxo cantareiro  
e o tempiño vertolán.

Cantan a tua chegada  
as raiolas da alborada  
o despertar da mañán  
o marmurío do río  
o rodicio do muíño  
e o rechouchío algareiro  
dos paxaros no seu niño.

Celebran a tua volta  
as rochas da beiramar  
o salferir do salseiro  
os lombos do areal  
o recendo á marusía  
o mastro afouto e lanzal  
o lume da cacharela  
mantido polo casqueiro  
e o bater maino e lixeiro  
dos remos dunha gamela.

Alédanse da tua moradía  
con lecer  
sem ristesía  
con doce sabor de mel  
A Moa do outo Pindo  
os penedos dO Courel  
as ondas do mar de Vigo  
A Barbanza e O Salnés  
o anchorento e maino Miñor  
as frores do Val Miñor  
o acougo dO Carballiño  
e os anxiños dEl Señor;  
as alturas montañesas  
onde chega o vento ábrego  
tepediño e ben salgado  
dAs Mariñas coruñesas;  
o enxamio de mil carreiros  
de cen mil encrucilladas  
de douscentos mil vieiros  
que ensarillan o camiño  
dende Tui a Ribadeo...

E se toda a Criación  
canta a tua volta...  
¡Ouh, Daniel!

E se toda a Natureza  
celebra a tua chegada...  
¡Pai e irmán!

¿Qué farán as nosas almas?

E todas sinten a unha  
todas deitan un suspiro:  
púxoselle fin á infamia  
chegou o noso banido  
o desterrado da Terra  
na que agora atopa abrigo  
o acocho da Natureza  
e da xente o agarimo.

¡Benvido sexas, Daniel  
que nunca tiveras ido!

Connosco sempre  
sempre connosco pra sempre  
seranos o teu sartego  
un facho lumieiro  
alentador  
latexante  
un seguro guieiro  
asisador e exemplarizante.

Con el en Bonaval  
co Daniel  
co irmán  
teremos xa por sempre a seguranza  
de que eiquí nesta terra  
sen tardanza  
a nosa vida, griseira cando menos  
ha virar en albariza  
poisque entre nós repousa  
non en morte, que en eterna vida  
o autor senlleiro de SEMPRE EN GALIZA.